



Estimadas familias,

Dende o IES As Bizocas estamos organizando a segunda edición da campaña dos 3'S do Nadal: sostible, solidario e saudable. Entre as actividades programadas contamos co mercado de roupa de segunda man que celebraremos o 20 de decembro, no que este ano incluiremos como novedade o intercambio de libros; a recollida de produtos de alimentación para Asociación do Banco de Alimentos Rías Baixas e, se o tempo o permite, ese mesmo día celebraremos a III Carreira de San Silvestre. Lembrámosvos que toda a comunidade educativa está invitada a participar no mercado. O único requisito e traer ao centro entre o 12 e o 19 de decembro un máximo de 3 prendas de roupa ou complementos en bo estado, limpos e en bolsas de papel. As persoas que participen recibirán un vale co que poderán coller ata 3 prendas do mercado, ademais ese mesmo día, podemos traer libros ao centro para intercambiar nun dos postos. As prendas e libros que non se intercambien serán doadas á Asociación Boa Vida Pontevedra e á libraría Cinanía. Para colaborar co Banco de Alimentos Rías Baixas, nos mesmos días da recollida de roupa, podemos traer produtos de alimentación. Moitas grazas pola vosa colaboración. Un saúdo